

ENQUISA DE TURISMO DE RESIDENTES

Principais resultados para Galicia

Ano 2023

PRINCIPAIS NOTAS

Bo comportamento do turismo de ámbito nacional en Galicia neste ano 2023, superando tanto o número de viaxes realizadas polos españois na nosa comunidade -nun 4,0%, rexistrando máis de 9,8 millóns- coma o volume de pernoctacións -nun 4,9% neste caso, con máis de 43,5 millóns- do pasado ano 2022. Esta dinámica positiva permite superar tamén o volume de noites previo á pandemia, de 2019, nun 7,7% grazas ao incremento da duración das viaxes pois o número de turistas fica aínda por debaixo dos niveis de hai catro anos.

En realidade, a recuperación é máis positiva do lado da estadía media e, en consecuencia, do número de noites pois o volume de viaxes realizadas con destino Galicia fica por debaixo da serie 2017-19. O valor máximo acadouse en 2017 con preto de 10,3 millóns de turistas. Desde o lado das noites a perspectiva cambia pois neste caso Galicia, con preto de 43,6 millóns, acada agora en 2023 un máximo da serie histórica. En termos absolutos supón a xeración de dous millóns de novas pernoctacións respecto do valor do pasado ano.

Galicia é o quinto destino elixido polos españois na súa viaxe polo territorio nacional, absorbendo o 6,8% do total das pernoctacións estatais. Desde o punto de vista das noites lidera o mercado Andalucía –destino máis importante, que rexistra algo máis de 131 millóns de noites en 2023, o 20,4% do total realizado en España-. Seguen en orde de importancia a C. Valenciana –con 83,5 millóns de noites-, Cataluña –con 79,0 millóns de noites- e Castela e León –primeiro destino non mediterráneo que rexistra neste ano pouco máis de 63 millóns de noites-. Estes catro destinos absorben algo máis da metade do mercado nacional neste ano 2023 -o 55% en particular-.

En termos dinámicos boa parte das comunidades autónomas superan os niveis do pasado ano -once en particular-, con intensidade variable. Dous mantéñense en niveis parellos -Baleares e a C. Valenciana- mentres que catro -Murcia, Cataluña, Aragón e A Rioxa- amosan descenso en termos interanuais.

Neste ano son algúns dos destinos localizados no norte e centro peninsular os que presentan mellor comportamento en termos relativos, rexistrando os incrementos de maior intensidade en relación ao pasado ano. En particular Cantabria e Asturias lideran o ranking de variacións interanuais, superando en máis dun 20% o volume de noites do anterior 2022 -no caso de Cantabria a suba é do 25%-. Presentan tamén crecementos importantes Extremadura e Castela A Mancha, similar ou superior ao 15% en ambos casos.

Galicia colócase no grupo de destinos que melloran as cifras de 2022 pero nunha posición baixa. De feito é a comunidade que presenta o incremento máis moderado tanto no que atinxe ao número de viaxes como ao volume de noites.

A duración media das viaxes con destino Galicia sitúase en 4,4 días, cifra similar á do pasado ano 2022 máis superior á de 2019 -cando se situaba en 4,0 días exactamente-. Neste punto Galicia sitúase nunha posición media-alta no conxunto do Estado. Asturias, con 4,6 días de media, rexistra o valor máis elevado neste ano 2023. Presentan tamén cifras importantes, superiores ás de Galicia, a C. Valenciana, Extremadura e Baleares. No lado contrario, a cifra máis baixa localízase en Madrid, cunha media de 3,0 días.

Seis destinos conseguen superar a duración media das viaxes do pasado ano 2022 rexistrando as subas de maior intensidade Baleares e Cantabria -de máis do 7% interanual-. Galicia mantense en cifras parellas mentres que as restantes comunidades presentan caídas de diversa intensidade -máis acusadas en Murcia e Canarias, con máis do 10% interanual-.

PRINCIPAIS INDICADORES 2023

Turistas

9,83 mill.✓
(+4.05 %)

Noites

43,58 mill.✓
(+4.93 %)

Duración Viaxe (Días)

4,43✓
(+0.85 %)

% Turismo Interno

60,5 %


Gasto Medio Diario

58,41✓
(+3.77 %)


Gasto Total

2.545,72 mill.✓
(+8.89 %)

Turistas Nacionais en Galicia. Período 2016-23



Peso dos mercados interno e receptor. Período 2016-23



Ano

2023

RANKING TURISMO NACIONAL: DESTINOS

Turistas

167 mill.

CCAADestino	PCT_España
Andalucía	19,1 %
Cataluña	14,3 %
C. Valenciana	11,1 %
Castilla y León	9,8 %
Madrid	7,2 %
Castilla - La Mancha	6,5 %
Galicia	5,9 %
Aragón	4,4 %
Canarias	4,3 %
Asturias	2,9 %
Extremadura	2,8 %
Cantabria	2,5 %
Murcia	2,4 %
País Vasco	2,3 %
Baleares	2,2 %
Navarra	1,3 %
Rioja, La	1,0 %

Noites

644 mill.

CCAADestino	PCN_España
Andalucía	20,4 %
C. Valenciana	13,0 %
Cataluña	12,3 %
Castilla y León	9,8 %
Galicia	6,8 %
Castilla - La Mancha	5,6 %
Madrid	5,6 %
Canarias	4,3 %
Aragón	3,8 %
Asturias	3,4 %
Extremadura	3,3 %
Cantabria	2,9 %
Baleares	2,5 %
Murcia	2,4 %
País Vasco	2,2 %
Navarra	1,1 %
Rioja, La	0,9 %

Duración viaxe

3,86

CCAADestino	EM_España
Asturias	4,58
C. Valenciana	4,52
Extremadura	4,47
Baleares	4,46
Galicia	4,43
Cantabria	4,37
Andalucía	4,13
Murcia	3,90
Canarias	3,86
Castilla y León	3,85
País Vasco	3,62
Rioja, La	3,38
Cataluña	3,33
Castilla - La Mancha	3,31
Aragón	3,31
Navarra	3,05
Madrid	2,99

Gasto Total

40 mil M €

CCAADestino	PCG_España
Andalucía	20,6 %
Cataluña	13,1 %
C. Valenciana	11,4 %
Madrid	8,4 %
Castilla y León	7,4 %
Galicia	6,4 %
Canarias	6,2 %
Castilla - La Mancha	4,1 %
Baleares	3,7 %
Aragón	3,6 %
Asturias	3,2 %
País Vasco	2,8 %
Cantabria	2,6 %
Extremadura	2,5 %
Murcia	2,0 %
Navarra	1,1 %
Rioja, La	0,8 %

Gasto Medio Diario

61,7 €

CCAADestino	GMD_España
Madrid	93,6 €
Baleares	92,0 €
Canarias	89,7 €
País Vasco	79,5 €
Cataluña	66,0 €
Navarra	62,4 €
Andalucía	62,1 €
Asturias	59,1 €
Aragón	58,7 €
Galicia	58,4 €
Cantabria	57,1 €
Rioja, La	54,2 €
C. Valenciana	54,1 €
Murcia	51,1 €
Extremadura	46,5 €
Castilla y León	46,5 €
Castilla - La Mancha	45,1 €

VARIACIÓN INTERANUAL 2023/22: RANKING DESTINOS

Turistas

7,3 %

CCAA Destino	VarT_España 23/22
Canarias	30,6 %
Asturias	17,4 %
Cantabria	16,4 %
Extremadura	13,6 %
Andalucía	13,1 %
Murcia	12,9 %
Castilla - La Mancha	11,2 %
Madrid	8,9 %
Navarra	8,7 %
Castilla y León	8,7 %
Galicia	4,0 %
C. Valenciana	3,0 %
País Vasco	2,1 %
Cataluña	-1,7 %
Aragón	-1,8 %
Rioja, La	-2,6 %
Baleares	-7,0 %

Noites

5,8 %

CCAA Destino	VarN_España 23/22
Cantabria	24,7 %
Asturias	20,9 %
Extremadura	18,0 %
Castilla - La Mancha	14,9 %
Canarias	11,8 %
Andalucía	11,5 %
País Vasco	8,7 %
Castilla y León	7,4 %
Navarra	6,4 %
Madrid	5,4 %
Galicia	4,9 %
Baleares	-0,1 %
C. Valenciana	-0,6 %
Murcia	-2,6 %
Cataluña	-3,9 %
Aragón	-4,8 %
Rioja, La	-9,5 %

Duración viaxe

-1,4 %

CCAA Destino	VarEM_España 23/22
Baleares	7,5 %
Cantabria	7,1 %
País Vasco	6,5 %
Extremadura	3,8 %
Castilla - La Mancha	3,3 %
Asturias	2,9 %
Galicia	0,9 %
Castilla y León	-1,2 %
Andalucía	-1,4 %
Navarra	-2,2 %
Cataluña	-2,2 %
Aragón	-3,1 %
Madrid	-3,2 %
C. Valenciana	-3,6 %
Rioja, La	-7,0 %
Murcia	-13,8 %
Canarias	-14,4 %

Gasto Total

12,0 %

CCAA Destino	VarG_España 23/22
Cantabria	33,6 %
Madrid	17,8 %
Asturias	17,3 %
Andalucía	17,3 %
Extremadura	16,3 %
Baleares	16,2 %
Castilla - La Mancha	15,1 %
Castilla y León	15,0 %
Canarias	14,9 %
Murcia	10,9 %
Galicia	8,9 %
C. Valenciana	7,7 %
País Vasco	5,5 %
Rioja, La	4,6 %
Navarra	3,1 %
Cataluña	3,1 %
Aragón	0,5 %

Gasto Medio Diario

5,9 %

CCAA Destino	VarGMD_España 23/22
Baleares	16,3 %
Rioja, La	15,5 %
Murcia	13,9 %
Madrid	11,8 %
C. Valenciana	8,4 %
Cataluña	7,2 %
Cantabria	7,2 %
Castilla y León	7,0 %
Aragón	5,6 %
Andalucía	5,2 %
Galicia	3,8 %
Canarias	2,8 %
Castilla - La Mancha	0,1 %
Extremadura	-1,4 %
País Vasco	-2,9 %
Asturias	-2,9 %
Navarra	-3,1 %

SEGMENTOS TURÍSTICOS

O 60,5% das viaxes corresponden ao turismo interno, isto é, aos residentes en Galicia que viaxaron pola propia comunidade. O 39,5% restante corresponde, por tanto, ás viaxes dos residentes no resto de España que veñen á nosa comunidade.

Ambos segmentos presentan unha duración media diferente. O viaxeiro interno fica de media 2,8 días mentres que o nacional –que vén de fóra de Galicia- permanece 7,0 días de media. Esta notable diferenza supón que o peso de ambos segmentos de mercado medido polo número de noites sexa diferente. Neste sentido o 38% das pernoctacións corresponden ao mercado interno mentres que o 62% son do mercado receptor nacional.

O comportamento de ambos segmentos é parello neste 2023. Os dous superan os niveis de demanda do pasado ano, nun 2,6% o interno -dos residentes en Galicia- e nun 6,4% o receptor nacional -españóis que proceden doutras comunidades autónomas-. Esta dinámica positiva permite a este último segmento situarse tamén por encima dos niveis previos á pandemia, de 2019 -nun 20%- rexistrando desta maneira un máximo da serie histórica con pouco máis de 27 millóns de pernoctacións. O mercado interno continúa, sen embargo, por debaixo das cifras previas á crise.

Logo de Galicia sitúanse como principais mercados emisores á nosa comunidade Madrid -representa o 21% do total das noites-, Cataluña -co 8%-, País Vasco -con arredor do 6%- e Andalucía e Castela e León -ambas con pouco máis do 4% do total-.

O 40% das noites realízanse en aloxamento de mercado –hoteles, pensións, apartamentos turísticos, vivendas de aluguer, cámping, etc- mentres que o 60% corresponde a aloxamentos “non de mercado” –segunda residencia, casa de familiares e/ou amigos, etc-. Así pois, seis de cada dez noites turísticas realizadas polos españois en Galicia durante o ano 2023 corresponde a aloxamentos fóra do mercado.

Ambos segmentos presentan un comportamento relativamente parello neste ano. O nivel de demanda no aloxamento de mercado crece en relación ao pasado ano -nun 11,8%- rexistrando con isto a cifra máis elevada da serie histórica, con 17,5 millóns de noites agora en 2023. O segmento que opta por aloxamentos “non de mercado” presenta unha dinámica tamén positiva pero de menor intensidade, incrementando o volume de noites en apenas un 1% en comparación co dato de 2022. Esta leve suba resulta insuficiente para superar a cifra anterior á pandemia, de 2019.

Dentro do aloxamento de mercado destaca o uso de dúas tipoloxías en concreto: a vivenda completa en aluguer, que inclúe aos apartamentos turísticos e as vivendas de uso turístico -representan o 15,8% do total das noites- e o hotel e apartahotel -absorben neste caso o 12,5%-. No lado do aloxamento fóra de mercado destacan as vivendas de familiares e/ou amigos, modalidade que supón o 39,5% das noites -é a tipoloxía de maior volume e peso en Galicia-. Un 19% das noites corresponden a segunda residencia.

O 45% das viaxes a Galicia realízanse por ocio e/ou vacacións, segmento maioritario na comunidade -dentro deste grupo destacan as viaxes para asistencia a feiras e festas, o turismo de sol e praia, o cultural e o de natureza-. O 40% viaxa á comunidade para visitar a familiares e/ou amigos, ficando a porcentaxe restante en viaxes de negocios -o 8,5%- e outros motivos -o 6,5% neste caso-.

O principal segmento -o vacacional-, xunto co de negocios, superan os niveis do pasado ano -nun 12% o primeiro e nun 4% o segundo- mentres que os dous restantes fican levemente por debaixo dos valores do pasado ano. Neste 2023 claramente é o segmento de ocio/vacacións o que tivo mellor comportamento na nosa comunidade.

O mercado interno viaxa por Galicia principalmente para visitar a familiares/amigos -o 46%- aínda que tamén unha porcentaxe importante faino por vacacións e ocio -o 38% neste caso-. Aquel que provén de fóra da comunidade ten un perfil máis vacacional -o 54% visita a comunidade por este motivo-, quedando a porcentaxe restante repartida en visita a familiares/amigos, co 31%, e as viaxes de negocios, co 8% neste caso.

Ano

2023

RANKING MERCADOS NACIONAIS: DESTINO "GALICIA"

Turistas

9,83 mill.

CCAA	PCT_Galicia
Galicia	60,5 %
Madrid	11,5 %
Castilla y León	5,6 %
Asturias	4,7 %
Cataluña	3,7 %
País Vasco	2,9 %
Andalucía	2,4 %
Canarias	1,9 %
Castilla - La Mancha	1,5 %
C. Valenciana	1,4 %
Baleares	1,0 %
Cantabria	0,7 %
Extremadura	0,6 %
Murcia	0,6 %
Aragón	0,5 %
Navarra	0,4 %
Rioja, La	0,1 %

Noites

43,58 mill.

CCAA	PCN_Galicia
Galicia	37,8 %
Madrid	21,0 %
Cataluña	8,2 %
País Vasco	5,8 %
Andalucía	4,5 %
Castilla y León	4,3 %
Canarias	3,5 %
Asturias	3,4 %
Castilla - La Mancha	2,1 %
Baleares	1,9 %
C. Valenciana	1,9 %
Murcia	1,4 %
Extremadura	1,3 %
Aragón	1,0 %
Cantabria	0,8 %
Navarra	0,7 %
Rioja, La	0,2 %

Duración viaxe

4,43

CCAA	EM_Galicia
Murcia	10,23
Cataluña	9,96
Aragón	8,98
País Vasco	8,84
Extremadura	8,84
Andalucía	8,37
Baleares	8,22
Madrid	8,07
Navarra	7,97
Canarias	7,96
Rioja, La	7,79
Castilla - La Mancha	6,34
C. Valenciana	6,19
Cantabria	4,95
Castilla y León	3,46
Asturias	3,23
Galicia	2,77

Gasto Total

2,55 mil M€

CCAA	PCG_Galicia
Galicia	28,1 %
Madrid	21,2 %
Cataluña	8,2 %
Andalucía	6,5 %
Castilla y León	6,5 %
País Vasco	5,8 %
Asturias	4,4 %
Canarias	4,1 %
C. Valenciana	3,7 %
Castilla - La Mancha	2,4 %
Baleares	2,4 %
Murcia	1,7 %
Extremadura	1,6 %
Aragón	1,3 %
Cantabria	1,0 %
Navarra	0,8 %
Rioja, La	0,2 %

Gasto Medio Diario

58,4 €


CCAA	GMD_Galicia
C. Valenciana	112,2 €
Castilla y León	87,1 €
Andalucía	84,2 €
Aragón	77,3 €
Cantabria	75,5 €
Asturias	74,3 €
Murcia	72,6 €
Baleares	71,4 €
Extremadura	71,2 €
Canarias	68,8 €
Castilla - La Mancha	67,6 €
Navarra	64,8 €
Madrid	59,0 €
País Vasco	58,9 €
Cataluña	58,4 €
Rioja, La	58,0 €
Galicia	43,4 €

Ano

2023

ALOXAMENTO UTILIZADO NA VIAXE A GALICIA

Tipo de aloxamento




Aloxamento "De mercado"

Aloxamento	NoitesGalicia	PCN_Galicia
Vivenda completa en aluguer (inclúe apartamentos turísticos)	6.895.072,07	15,8 %
Hotel ou apartahotel	5.462.251,17	12,5 %
Pensión, hostel, motel, fonda, casa de hóspedes	1.280.069,92	2,9 %
Camping	1.273.789,65	2,9 %
Aloxamento turismo rural	1.031.429,98	2,4 %
Albergue	718.407,62	1,6 %
Outros aloxamentos de mercado	613.500,09	1,4 %
Habitación en aluguer en vivenda particular	249.881,28	0,6 %
Total	17.524.401,78	40,2 %

Aloxamento "Non de mercado"

Aloxamento	NoitesGalicia	PCN_Galicia
Vivendas de familiares, amigos ou empresa cedidas gratuitamente	17.192.528,23	39,5 %
Vivenda en propiedade	8.206.644,63	18,8 %
Outros aloxamentos non de mercado	472.118,86	1,1 %
Vivendas intercambiadas	103.838,40	0,2 %
Vivendas de uso compartido (multipropiedade)	80.421,66	0,2 %
Total	26.055.551,78	59,8 %

Evolución da demanda segundo o tipo de aloxamento



Var. Noites 23/22

De mercado

11,8 %

Non de mercado


0,8 %

Ano

2023


MOTIVO PRINCIPAL DA VIAXE A GALICIA

Principais motivos da viaxe a Galicia



● Ocio, recreo e vacacións ● Visitas a familiares ou amigos ● Negocios e outros m... ● Outros motivos

Evolución das viaxes segundo motivo principal



● Ocio, recreo e vacacións ● Visitas a familiares ou amigos ● Negocios e outros motivos profesionais ● Outros motivos

Motivo	TuristasGalicia	PCT_Galicia
Visitas a familiares ou amigos (vodas, funerais, reunións con amigos, ...)	3.963.564	40,3 %
Outro tipo de turismo e de ocio (asistencia a feiras como particular, festas patronais, ...)	1.697.119	17,3 %
Turismo de sol e praia	854.593	8,7 %
Turismo cultural	714.489	7,3 %
Turismo de natureza	635.523	6,5 %
Desprazamento ao centro de traballo	469.217	4,8 %
Outros motivos persoais	389.408	4,0 %
Outros motivos profesionais (asistencia a reunións, ...)	300.997	3,1 %
Turismo deportivo	187.224	1,9 %
Turismo gastronómico	177.055	1,8 %
Turismo termal e de benestar (relax, beleza, desintoxicación, ...)	123.606	1,3 %
Motivos relixiosos ou peregrinacións	105.812	1,1 %
Outros motivos de educación e formación	79.158	0,8 %
Congresos, feiras e convencións	70.131	0,7 %
Tratamento de saúde (tratamento con prescrición médica, operacións, ...)	49.909	0,5 %
Turismo de compras	14.790	0,2 %
Total	9.832.595	100,0 %

Var. Turistas 23/22

Vacacións / Ocio

11,6 %

Visita fam/amigos

-2,4 %

Negocios

4,0 %

Outros motivos

-1,4 %

GASTO TURÍSTICO

O gasto total realizado polos turistas españois en Galicia ascende a máis de 2.500 millóns de euros, cifra que supera nun 9% o dato do pasado ano e nun 37% o nivel acadado en 2019.

Neste punto Galicia sitúase como a sexta comunidade máis importante en volume de gasto total, absorbendo o 6,4% do total realizado polos españois. Lideran este ranking Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana -só estas tres representan o 45% do total do gasto realizado polos españois neste ano-.

O 28% do gasto total corresponde ao turismo interno, dos residentes en Galicia, mentres que a porcentaxe restante -o 72%- é efectuado polo turismo receptor nacional.

O gasto medio diario por persoa en Galicia sitúase en 58,4 euros, cifra que supera nun 4% o dato do pasado ano e nun 27% a cifra de 2019. En realidade, o dato deste ano é o máis elevado da serie histórica -é o segundo ano consecutivo no que se superan os 50 euros de gasto medio por persoa e día-.

Este dato varía en función do segmento de referencia. Así, o gasto medio diario por persoa é superior para o turista que se aloxa nalgunha modalidade “de mercado” -con 95,5 euros de media- fronte ao que opta por alternativas “fóra de mercado” -con 33,5 euros neste caso-.

Cambia tamén en función da procedencia. Así o gasto medio diario do turista interno sitúase en 43,4 euros mentres que o turista nacional que procede de fóra de Galicia gasta de media por día 67,5 euros.

Madrid é o destino nacional que presenta maior cifra de gasto medio diario do turista español. Con 93,6 euros por persoa e día lidera o ranking neste ano. Seguen en orde de importancia Baleares -con 92,0 euros- e Canarias -con 89,7 euros neste caso-. No lado contrario sitúanse Extremadura, Castela e León e Castela A Mancha -todas cun gasto medio por persoa e día inferior aos 50 euros-.


Un 85% dos turistas residentes en Galicia xa viaxaron pola nosa comunidade nalgunha vez anterior a 2023. Tan só o 10% fíxoos por vez primeira neste ano. En cambio, o turista español que vén de fóra da comunidade ten un grao de fidelidade loxicamente inferior aínda que tamén importante. O 56% xa visitara Galicia nalgunha ocasión anteriormente mentres que o 42% viaxou á nosa comunidade por vez primeira agora en 2023.

O nivel de satisfacción global coa viaxe a Galicia é notable pois nunha escala de 0 a 10 os turistas valoran a visita á nosa comunidade cun 8,8 de media agora en 2023. Con todo non é un dos destinos mellor valorados de España pois dista algunhas décimas de comunidades como Canarias -presenta a mellor valoración cun 9,1 de media- ou Asturias -segundo destino con mellor puntuación, cun 9,0 de media neste caso-.

A valoración de Galicia é elevada en practicamente todos os segmentos analizados, destacando a puntuación asignada no ámbito do turismo de natureza, sol e praia, cultural e gastronómico.

GASTO TURÍSTICO

Gasto Total en Galicia. Período 2016-23




Gasto Total

2.545,72 mill.€


Gasto Medio Diario

58,4 €

Gasto Medio Diario en Galicia. Período 2016-23



Gasto Medio Diario en Galicia. Período 2016-23




Ano


2023

FIDELIDADE E GRAO DE SATISFACCIÓN

Visitou Galicia con anterioridade?



Visitou Galicia anteriormente, por mercado de orixe



Valoración media da viaxe a Galicia

8,80

CCAA Destino	Satisf_T España
Canarias	9,12
Asturias	9,02
Andalucía	8,94
Castilla y León	8,93
Aragón	8,88
Castilla - La Mancha	8,87
Cataluña	8,85
País Vasco	8,85
Baleares	8,84
Madrid	8,83
Cantabria	8,83
Extremadura	8,80
Galicia	8,80
C. Valenciana	8,76
Navarra	8,73
Murcia	8,73
Rioja, La	8,63

Valoración media da viaxe a Galicia, por mercados. Período 2016-23

